


1
DEFINICIÓN DE INFANCIA



2
NON DISCRIMINACIÓN



3
FACER O MELHOR PARA CADA NENO



4
FACER REALIDADE OS DEREITOS




5
FAMILIA ORIENTADORA



6
VIDA, SUPERVIVENCIA E DESENVOLVEMENTO



7
NOME E NACIONALIDADE



8
IDENTIDADE



9
MANTER ÁS FAMILIAS UNIDAS



10
PRESERVAR O CONTACTO FAMILIAR




11
PROTECCIÓN CONTRA O SECUESTRO




12
RESPECTAR A OPINION DOS NENOS



13
LIBERDADE DE EXPRESIÓN



14
LIBERDADE DE PENSAMENTO E RELIXIÓN



15
LIBERDADE DE ASOCIACIÓN E REUNION



16
PROTECCIÓN DA PRIVACIDADE



17
ACCESO A INFORMACIÓN



18
RESPONSABILIDADE DAS FAMILIAS



19
PROTECCIÓN CONTRA A VIOLENCIA



20
NENOS SEN FAMILIA




21
ADOPCION



22
NENOS E NENAS REFUXIADOS



23
NENOS E NENAS CON DISCAPACIDADE



24
SAÚDE, AUGA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE



25
REVISIÓN DOS INTERNAMENTOS



26
AXUDAS SOCIAIS E ECONÓMICAS




27
ALIMENTO, ROUPA E UN FOGAR SEGURO



28
ACCESO Á EDUCACIÓN



29
OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN




30
CULTURA, LINGUA E RELIXIÓN DAS MINORÍAS



31
DESCANSO, XOGO, ARTE E CULTURA




32
PROTECCIÓN ANTE O TRABALLO PERIGOSO



33
PROTECCIÓN CONTRA AS DROGAS



34
PROTECCIÓN CONTRA O ABUSO SEXUAL




35
PREVENCIÓN FRONTE Á VENDA E TRATA




36
PROTECCIÓN CONTRA A EXPLOTACION




37
NENOS E NENAS DETIDOS



38
PROTECCIÓN NAS GUERRAS



39
RECUPERACIÓN E REINSERCIÓN



40
NENOS QUE INCUMPREN AS LEIS



41
APLICAR A LEI MÁIS FAVORABLE



42
QUE TODOS COÑEZAN ESTES DEREITOS

43-54



COMO FUNCIONA A CONVENCIÓN

DEREITOS DA INFANCIA

LA CONVENCIÓN DAS NACIONES UNIDAS SOBRE LOS DEREITOS DO NENO
- VERSIÓN RESUMIDA

1 UN neno ou nena é unha persoa menor de 18 anos. Todos os menores de 18 teñen todos os dereitos desta Convención

2 Todos os nenos e nenas teñen estes dereitos, sen importar quen son, onde viven, que lingua falan, de que relixión ou cultura son, se son nenos ou nenas, se teñen algunha discapacidade, se son ricos ou pobres, e sen importar o que os seus pais ou familias crean ou fagan. Ningún neno ou nena debe ser tratado inxustamente de ningún xeito.

3 Os adultos deben facer o máis beneficioso para as nenas e nenos. Cando toman decisións deben pensar como afectarán aos nenos e nenas. Os gobernos deben asegurar que nenas e nenos estean protexidos e coidados polas súas familias ou outras persoas. Os gobernos deben asegurar que os servizos e espazos dedicados ao seu coidado e protección son de boa calidade.

4 Os gobernos teñen que facer todo o necesario para asegurar que todos os nenos e nenas de todos os países poidan gozar de todos os dereitos recollidos nesta Convención

5 Os gobernos deben deixar ás familias e comunidades orientar ás súas nenas e nenos para que, a medida que medren, aprendan a usar os seus dereitos de axeitadamente.

6 Todos os nenos e nenas teñen dereito a vivir. Os gobernos deben asegurar que sobreviven e se desenvolven do mellor modo posible.

7 Cada neno ou nena ten dereito a un nome que sexa recoñecido oficialmente polo goberno. Debe ter unha nacionalidade (pertencer a un país). Dentro do posible, os nenos e nenas coñecerán aos seus pais e serán coidados por eles.

8 Os nenos e nenas teñen dereito a unha identidade: un rexistro oficial de quen son que inclúa o seu nome, nacionalidade e lazos familiares. Ninguén pode quitarlla, pero se sucedese, os gobernos deben axudar a que a recuperasen rapidamente.

9 Os nenos e nenas non deben ser separados da súa familia salvo se é polo seu ben, por exemplo: se os maltratan ou abandonan. Se os pais non viven xuntos, deben manter contacto con ambos os proxenitores, salvo que isto sexa prexudicial para eles.

10 Se unha nena ou neno vive nun país distinto ao da súa familia, os gobernos deben deixar que ambos viaxen para que poidan estar en contacto e permanecer xuntos

11 Os gobernos deben deter a saída ilegal de nenos e nenas do país, por exemplo: ao ser secuestrados por alguén ou retidos no estranxeiro por un dos seus pais ou outras persoas

12 As nenas e nenos teñen dereito a dar a súa opinión sobre os temas que lles afectan e a que os adultos as escoiten e as tomen en serio.

13 Nenos e nenas teñen dereito a informarse, a descubrir cousas e a compartir o que pensan con outros, falando, debuxando, escribindo ou de calquera xeito, salvo que dane a outras persoas

14 Os nenos e nenas son libres de ter os seus propios pensamentos, crenzas e relixión, na medida que isto non impida a outras persoas desfrutar dos seus dereitos. As familias poden guiar ás nenas e nenos no seu desenvolvemento para que usen os seus dereitos axeitadamente.

15 Os nenos e nenas poden asociarse ou unirse a grupos ou organizacións, e poden reunirse con outros, na medida que isto non dane a ninguén.

16 Todos os nenos e nenas teñen dereito á súa vida privada. A lei debe protexer a súa intimidade individual, a familiar, a do seu fogar, a das dúas comunicacións e a súa reputación ante calquera interferencia que non sexa legal.

17 Os nenos e nenas teñen dereito a recibir información por radio, televisión, xornais, libros, internet e outras fontes. Os adultos deben asegurar que a información que lles chega non sexa prexudicial. Os gobernos deben animar aos medios de comunicación a que compartan información comprensible e interesante para nenos e nenas, utilizando distintas fontes.

18 Os pais ou titores legais son os principais responsables da crianza de nenas e nenos, e deben considerar sempre o que lles sexa máis beneficioso. Os gobernos deben facilitar os servizos para axudar ás familias ou titores, especialmente se traballan. A responsabilidade é compartida no caso de contar con dous proxenitores.

19 Os gobernos deben asegurar que nenos e nenas estean axeitadamente coidados e protexidos contra a violencia, os abusos, o maltrato e a negligencia de calquera que lles coide.

20 Todos os nenos e nenas que non poidan ser coidados pola súa propia familia teñen dereito a ser atendidos axeitadamente por persoas que respecten a súa relixión, cultura, lingua e outros aspectos da súa vida.

21 Cando unha nena ou neno é adoptado, o máis importante é facer o mellor para o seu benestar. Se non poden ser atendidos axeitadamente no seu propio país (por exemplo a través de adopción, acollida ou algunha outra solución) entón poderán ser adoptados noutro país.

22 Todos os nenos e nenas que cheguen a un país como refuxiados (porque non é seguro quedarse no seus país de orixe) deben ter axuda e protección e deben poder desfrutar dos mesmos dereitos que os nados nese país.

23 Todos os nenos e nenas con discapacidade gozarán de especiais coidados e atención para que poidan levar unha vida en sociedade o máis plena posible.

24 Nenos e nenas teñen dereito á mellor atención sanitaria posible, a ter auga potable para beber, a alimentos nutritivos e a un medioambiente san e limpo onde poder vivir. Todos deben ter información para vivir de maneira segura e saudable.

25 Aqueles nenos e nenas que fosen internados polas autoridades (para o seu coidado, protección ou saúde) deben ver revisada a súa situación con regularidade

26 Os gobernos deben proporcionar diñeiro ou outro tipo de apoio e recursos para axudar ás nenas e nenos de familias necesitadas

27 Os nenos e nenas teñen dereito a alimentación, roupa e calzado e a un lugar seguro onde vivir, de maneira que poidan desenvolverse da mellor maneira posible. O goberno debe axudar ás familias que non poidan permitírllo

28 Todos os nenos e nenas teñen dereito á educación. A educación primaria debe ser gratuíta. A educación secundaria e a superior deben ser accesibles para todos. Débese animar a nenas e nenos a que vaian á escola ata o maior nivel posible. A disciplina escolar debe respectar os dereitos da infancia e a súa dignidade.

29 A educación debe axudar a nenas e nenos a acadar o pleno desenvolvemento das súas personalidades, talentos e capacidades. Débeseles ensinar a entender e respectar os seus propios dereitos e cultura e os dos demais. Débeseles axudar a vivir en paz e a protexer o medioambiente.

30 Os nenos e nenas teñen dereito a utilizar a súa propia cultura, lingua e relixión, mesmo se non é compartida pola maioría da xente no país onde vivan.

31 Todos os nenos e nenas teñen dereito a descansar, relaxarse e xogar e a participar en actividades culturais e artísticas.

32 Os nenos e nenas teñen dereito a ser protexidos contra o traballo que prexudique a súa educación, saúde ou desenvolvemento. Se traballan, teñen dereito a estar seguros e a recibir un salario xusto.

33 Os gobernos deben protexer a nenas e nenos do consumo, elaboración, distribución e venda de drogas prexudiciais.

34 O goberno debe protexer a nenas e nenos da explotación e do abuso sexual, incluída a prostitución e a pornografía (forzar aos nenos e nenas a ter relacións sexuais por diñeiro, ou saír en fotografías ou películas practicando actos sexuais).

35 Os gobernos deben asegurar que nenos e nenas non son secuestrados, vendidos ou levados ilegalmente a outros países para calquera fin.

36 Os gobernos deben protexer ás nenas e nenos de calquera outra forma de explotación que dane o seu benestar.

37 Os nenos e nenas que fosen acusados de incumplir a lei non deben ser executados, torturados, tratados con crueldade, condenados a cadea perpetua ou postos en prisión con adultos. A prisión debe ser a última opción e só polo menor período posible. As nenas e nenos en prisión deben ter axuda legal e manterse en contacto coas súas familias.

38 Os nenos e nenas teñen dereito a ser protexidos nas guerras. Ningún neno ou nena menor de 15 anos poderá participar no conflito ou ser recrutado no exército

39 Todos os nenos e nenas teñen dereito a recibir axuda se fosen feridos, abandonados, maltratados ou afectados pola guerra, para que recuperen a súa saúde e dignidade.

40 As nenas e nenos acusados de incumplir a lei ten dereito a axuda legal e a ter todas as garantías da xustiza para que se respecten os seus dereitos e dignidade. Debe haber dispoñible un conxunto de solucións alternativas á prisión para axudarles a converterse en bos membros da sociedade. A prisión so debe ser a última opción.

41 Se as leis dun país protexen mellor aos nenos e nenas que esta Convención, esas leis son as que deben aplicarse.

42 Os gobernos deben difundir activamente entre nenos, nenas e adultos esta Convención para que todo o mundo coñeza os dereitos da infancia.



CONVENCIÓN SOBRE OS DEREITOS DO NENO

A CONVENCIÓN DAS NAÇÕES UNIDAS SOBRE OS DEREITOS DO NENO - VERSIÓN RESUMIDA

A Convención sobre os Dereitos do Neno é un importante acordo entre países para protexer os dereitos de todos os nenos, nenas e adolescentes.

A Convención explica cales son os dereitos da infancia e as responsabilidades dos gobernos para cumprilos. Todos os dereitos están conectados, son igualmente importantes e a ningún neno ou nena pódennles ser negados.

Este texto conta co apoio do Comité sobre os Dereitos do Neno



Estes artigos explican como os gobernos, as Nacións Unidas (incluíndo o Comité sobre os Dereitos do nenos e UNICEF), e outras organizacións traballan para asegurar que todos os nenos e nenas gozan dos seus dereitos.

43-54